



O PSdeG de As Nogais lamenta a “sentenza de morte” que supón para o municipio o peche da oficina bancaria

A voceira socialista, Fe Álvarez, afirma que apoiarán ao goberno municipal “na defensa dos servizos para os veciños” pero critica que o alcalde “mentiulle ao pobo prometendo nas eleccións manter o banco e a instalación dun caixeiro e esqueceu o tema durante dous anos, e agora que se anuncia o peche inminente vén pedir o apoio da oposición”

O PSdeG presentará no pleno desta noite un rogo para que o concello actúe pola apropiación privada de camiños públicos: “Ata que suceda algo grave parece que ninguén pensa tomar medidas”, advirte a socialista

O grupo municipal socialista de As Nogais lamenta a “sentenza de morte” que supón para o municipio o peche da única oficina bancaria que queda no concello, un tema que a corporación municipal levará ao pleno desta noite co apoio do PSdeG. A voceira socialista, Fe Álvarez, afirma que apoiarán sempre “a defensa dos servizos para os veciños” pero critica a actitude do alcalde durante os últimos dous anos. “Mentiulle ao pobo prometendo nas eleccións manter o banco, e ademais a instalación dun caixeiro, e despois esqueceuse do tema, e agora que se anuncia o peche inminente vén pedir o apoio da oposición”, censura.

A socialista amósase moi preocupada pola “grave situación” para o futuro de As Nogais, que quedará “condeado” por este peche, “ao que hai que sumarlle medidas da dereita como a proposta de reforma local do PP ou a intención de primar aos concellos que se fusionen”, o que, afirma, “aboca o concello a un afundimento definitivo”. Álvarez manifesta a súa gran preocupación polo tecido económico local cando desapareza a posibilidade de realizar operacións bancarias ou financeiras, a razón primordial do movemento en As Nogais. “Deixan sen futuro o comercio, os bares ou os taxis, que son os que moven practicamente a economía da zona, e unha vez máis unha nula sensibilidade co rural e un compromiso inexistente co dramático problema do despoboamento, que cando queiran darse conta non terá marcha atrás”, advirte.

Rogo sobre a apropiación dos camiños municipais

O grupo municipal socialista presentará ademais no pleno desta noite un rogo para que “o concello faga valer as súas competencias” sobre todos os camiños de natureza municipal, despois de recibir múltiples queixas dos veciños porque hai persoas que van reducindo o espazo destes camiños en beneficio das súas fincas privadas. “Non sei ata onde van deixar que isto siga sen control, ata que un día non poida pasar unha ambulancia ou suceda algo grave parece que ninguén pensa tomar medidas”, afirma Fe Álvarez.

A socialista lamenta que a resposta do goberno local ante estas situacións sexa animar aos veciños e veciñas a que denuncien a situación, “en lugar de tomar medidas que son da súa competencia”, o que “creará unha dinámica xudicial que non beneficia a nadie e que prexudica a convivencia entre todos”, engade.